

**NOTA DE PRENSA EMBARGADA ATA AS 20:30 HORAS**

**GONZÁLEZ SANTÍN PECHA A CAMPAÑA DAS MUNICIPAIS  
ARROUPANDO A CANDIDATA DE SARRIA DESPOIS DE MÁIS DE  
120 ACTOS ELECTORAIS NA PROVINCIA**

O líder dos socialistas da provincia aproveitou a ocasión para facer balance da intensa actividade electoral levada a cabo ao longo dos últimos 15 días e fixo un chamamento á participación e á mobilización da cidadanía para a xornada de votación o próximo domingo

Gonzalez Santín pediu neste acto “o voto para o PSOE co obxectivo de parar na nosa provincia á política dos recortes e da diminución do benestar social, xa que o proxecto socialista é o único motor que fará posible que a nosa provincia e os nosos cidadáns e cidadás sigan avanzando”

A alcaldable presentou o seu proxecto de goberno como “a oportunidade para reactivar e espertar Sarria da situación de abandono e parón económico no que se atopa”

No eido da implicación cidadá os socialistas garanten, ademais da proposta dos orzamentos participativos, “un goberno de transparencia e igualdade, dando toda a información relativa aos investimentos e propiedades do concello, así como do seu estado de contas e poremos en funcionamento a administración electrónica”

Sonsoles López e Pablo Rivera coincidiron en que Pilar López e a súa candidatura serán os que reactiven e esperten a Sarria do seu letargo económico

**Sarria, 22 de maio de 2015.-** O secretario Provincial –Juan Carlos González Santín- participou xunto a deputada provincial -Sonsoles López Izquierdo-, o coordinador da comarca –Pablo Rivera- e os números un e dous da candidatura de Sarria – Pilar López e Diego López- no mitin de peche de campaña das eleccións municipais que se celebrarán o vindeiro domingo 24 de maio.

O líder dos socialistas da provincia aproveitou a ocasión para facer balance da intensa actividade electoral levada a cabo ao longo dos últimos 15 días e fixo un chamamento á participación e á mobilización da cidadanía para a xornada de votación o próximo domingo. González Santín afirmou que “o estilo de campaña levado a cabo polos socialistas estivo marcado pola proximidade, o diálogo e a participación dos veciños e veciñas, un estilo que marcará tamén os gobernos locais ao longo da nosa provincia, xa que estou convencido de que teremos un moi bo resultado despois do traballo realizado e de demostrar con feitos a nosa capacidade de xestión e dedicación”. Foron un total de 123 actos realizados polos



socialistas lucenses dende o 8 de maio, ao que hai que sumar a intensa axenda da precampaña, e cos que se percorreron 51 concellos das diferentes comarcas da provincia.

### **Parar á política dos recortes**

Ademais, Gonzalez Santín pediu neste acto “o voto para o PSOE co obxectivo de parar na nosa provincia á política dos recortes e da diminución do benestar social, xa que o proxecto socialista é o único motor que fará posible que a nosa provincia e os nosos cidadáns e cidadás sigan avanzando”. “Este é o caso de Sarria, onde a nosa candidata, Pilar López, presenta un plan de futuro fronte ás promesas incumpridas do PP. Chegou o momento de recuperar o goberno local e acabar co desgoberno dos Populares, o momento de que o PSOE lidere o proxecto para Sarria contando coa súa xente. Por iso, confío en que os veciños e veciñas desta localidade saberán ver que Pilar é a única alcaldesa que poderá levar a cabo os proxectos que se axusten as súas necesidades xestionando de cara ás persoas”, concluíu.

### **Reactivar o municipio**

Pola súa banda, a candidata á alcaldía, presentou o seu proxecto como “a oportunidade para reactivar e espertar Sarria da situación de abandono e parón económico no que se atopa”.

Neste mesmo senso coincidiron a deputada provincial e o coordinador comarcal do PSOE. López Izquierdo, subliñou “as gañas e a ilusión” que caracterizan a Pilar López Yáñez e á candidatura socialista, que os levará “a reactivar e a espertar do letargo económico a Sarria, a partir deste domingo”.

Pablo Rivera tamén se mostrou convencido de que o 24M, “López Yáñez será a primeira alcaldesa de Sarria e poñerá rumbo ao futuro do municipio”. Rivera insistiu en que “o PSdeG vai reactivar Sarria e recuperar todo o que o Partido Popular nos quitou en catro anos, tanto dende o propio Concello, como na Xunta ou no Goberno Central”.

### **Implicación cidadá**

A alcaldable aseverou tamén que “queremos dar voz aos nosos veciños e veciñas, para que participen na toma de decisións do concello polo que poremos en marcha uns orzamentos participativos”. No eido da implicación cidadá os socialistas tamén garanten “un goberno de transparencia e igualdade, dando toda a información relativa aos investimentos e propiedades do concello, así como do seu estado de contas e poremos en funcionamento a administración electrónica”.

Ademais, López Yáñez aposta por “pór en marcha un plan de Servizos Sociais que foron desmantelados polo PP. Coa colaboración das asociacións veciñais, potenciaremos as actividades nas escolas rurais para maiores e cativos, xestionaremos a residencia de anciáns dun xeito efectivo e facilitaremos a conciliación da vida familiar e laboral”.



### **Emprego activo**

Outro dos piares socialistas para o goberno de Sarria e a reactivación do mercado laboral do municipio, para o que a candidatura liderada por López Yáñez elaborará políticas de emprego activo para conseguir obradoiros e escolas taller, así como a posta en marcha de programas de emprego xuvenil.

Tal e como anunciou a alcaldable no tocante ás infraestruturas “o principal será a dotación de servizos e infraestruturas públicas básicas a todas as parroquias para que todos os veciños e veciñas de Sarria, vivan onde vivan, contén cunha boa calidade de vida”. Ademais, indicou, “ redactaremos un plan de tráfico que busque solución ao caos circulatorio e crearemos novas prazas de estacionamento, buscaremos unha solución consensuada ao plan de encanamento na súa totalidade e ampliaremos o solo industrial para o asentamento no municipio de grandes empresas que garantan a creación de novos postos de traballo”.

### **Potenciar o turismo do Camiño**

Por outra banda, López Yáñez aseverou que “potenciaremos o turismo da vila dándolle énfase a un dos motores económicos do concello como é o Camiño de Santiago. Por iso, crearemos máis puntos de información, poremos en marcha o Museo Etnográfico no antigo cárcere e intentaremos recuperar a Capitalidade da Mancomunidade dos Municipios Galegos do Camiño Francés perdida polo actual alcalde do PP”.

